

Neus Nogué

La nova normativa a la butxaca

Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat. 2018. 157 pp.

Recensión de Esteve Valls

COA publicación, en novembro de 2016 e maio de 2017, da *Gramàtica de la llengua catalana* (GIEC) e da *Ortografia Catalana* (OIEC), o Institut d'Estudis Catalans culminaba o proceso de actualización da normativa da lingua catalá. Malia que hoxe aínda hai vítimas da presión mediática convencidas de que este proceso non foi alén da eliminación da maioría de acentos diacríticos, a verdade é que a OIEC, e moi especialmente a GIEC, constitúen unha revisión e unha ampliación capitais da ortografía e a gramática fundacionais de Fabra (publicadas, respectivamente, en 1913 e 1918). E non só porque tratan unha gran cantidade de fenómenos novos e incorporan boa parte das pescudas levadas a cabo polos lingüistas ao longo do último século, senón tamén porque lle dan a volta á concepción mesma do que tradicionalmente se entendía que tiña que ser unha gramática normativa.

En primeiro lugar, a GIEC chega sempre á prescrición despois de pasar pola descrición dos fenómenos lingüísticos. Trátase, xa que logo, dunha obra que non se limita a fixar os usos normativos do idioma, senón que máis ben informa, forma e só finalmente orienta o usuario sobre estes usos nun determinado contexto comunicativo. E, en segundo lugar, trátase dunha obra que renuncia explicitamente a tachar unha solución de *correcta* ou *incorrecta*, e que cede ao usuario a responsabilidade de decidir se esta solución é *axeitada* ou *non axeitada* nunha determinada situación comunicativa. Unicamente aquelas formas inadecuadas en todos os contextos comunicativos reciben a consideración de *non aceptábeis*, é dicir, non normativas. Paralelamente, a GIEC establece tres graos de formalidade dentro da variedade estándar (rexistros *moi formais*, *formais* e *informais*), e decote distingue entre solucións propias da *oralidade* e solucións propias da *escritura*, e entre usos *xerais* e usos *especializados*.

Neste contexto, é lóxico que o usuario medio da lingua poida sentirse até certo punto anguriado ante a perspectiva de ter que determinar constantemente o grao de adecuación dunha solución a un contexto comunicativo cambiante. E máis aínda se os termos cos que se expresa a gramática a miúdo lle resultan opacos, como cando a GIEC se refire ao “atributo dos verbos case copulativos”, para mencionar só un exemplo (páx. 693-694).

Imaxinemos, porén, que alguén se preocupa de traducir a unha linguaxe máis sinxela todos aqueles fenómenos da GIEC que de entrada poderían ser un muro infranqueábel para calquera usuario sen formación lingüística ou filolóxica. Imaxinemos, por exemplo, que este alguén inclúe o fenómeno anterior nun punto titulado,

simplemente, “Sobre o pronome *ho*”, malia reflexionar sobre os mesmos exemplos de uso que aparecen na GIEC. Pois ben, esta capacidade para facer comprensíbel a complexidade da nova gramática a calquera usuario da lingua catalá é, probabelmente, a principal virtude de *La nova normativa a la butxaca*, unha verdadeira obra de referencia para todos aqueles que queiran comezar a familiarizarse co cambio de perspectiva que instaura a GIEC.

Nesta obra, Neus Nogué (profesora do Departamento de Filoloxía Catalá da Universidade de Barcelona) diríxese a un público “non experto en lingua” para lle presentar, “dunha maneira clara e intelixíbel”, unha escolla dos fenómenos “que máis interese, dúbidas ou controversia xeraron nas últimas décadas, tanto se inclúen unha modificación da normativa vixente coma se constitúen incorporacións novas”. Concretamente, dos corenta e nove temas do libro, catro fan referencia á OIEC, corenta e catro á GIEC e un capítulo, o sexto, inclúese para facer máis accesíbel ao lector a consulta da GIEC. Neste apartado, a autora establece un paralelismo entre catorce termos que lle poderían causar unha certa desorientación ao lector e os seus equivalentes terminolóxicos nos traballos gramaticais tradicionais. Aclara Nogué, por exemplo: “cando a GIEC fala de argumento externo (do verbo), refírese ao que tamén chamamos, ou até agora chamabamos, suxeito”. Tamén resultan moi útiles o índice de palabras e conceptos que pecha o libro (unha relación das principais voces e fenómenos que nel se tratan), algúns apartados, como o 48 e o 49, especialmente sintéticos (nos que se listan as locucións e conectores aceptados e non aceptados pola GIEC), e a sección “Quizais te preguntas...” que hai ao final de cada apartado. Neste punto, ademais de informar sobre as epígrafes e as páxinas da OIEC ou da GIEC onde se trata un determinado fenómeno, Nogué tamén dá resposta ás dúbidas que previsibelmente vai suscitar nos lectores a consulta de cada apartado. Na páxina 56, por exemplo, despois de explicar en que consiste a chamada “elisión de preposicións diante de *que*”, pregúntase: “Que cambiou na normativa verbo desta cuestión?” E, máis adiante: “Que relación hai entre esta norma e a que até agora chamabamos «caída de preposicións diante de infinitivo»?”

Da resposta ás dúas preguntas anteriores despréndese outra das características esenciais deste libro: a vontade de dirixirse sempre ao lector cun ton construtivo e optimista, nunca alarmista, ante o cambio de perspectiva que propón a GIEC. A autora, por exemplo, reclama unha adhesión sen fisuras ao concepto de adecuación e o conseguinte abandono da antiga distinción entre solucións correctas e incorrectas. Doutra banda, proporciona unha interpretación sempre comedida a cambios que dende unha óptica máis purista poderían considerarse case unha desfeita. Retomando as preguntas expostas no parágrafo anterior, a resposta de Nogué á primeira é: “Nos rexistros formais, a normativa é a mesma; [...] pero a nova normativa tamén se pro-

nuncia sobre os rexistros informais da variedade estándar da lingua, e nestes rexistros acepta o contacto dunha preposición e a conxunción *que*". Ante este cambio (a consideración dunha oración como "L'escrit és una crida *a que* la gent s'organitzi" como adecuada nun rexistro informal, por exemplo), Nogué evita amplificar o alcance da reforma e considera que "a norma mudou lixeiramente".

Dito isto, é certo que o feito de extraer tan só corenta e nove temas de dúas obras tan complexas e extensas como a OIEC e a GIEC (de 229 e 1439 páxinas, respectivamente) pode ser visto como unha eiva para aqueles lectores que queiran profundar na totalidade da reforma normativa da lingua catalá. Neste senso, é moi recomendábel complementar a lectura da obra de Nogué coa consulta doutras obras que fixeron un esforzo para as sintetizar. Entre estes traballos, destaca o libríño de Jordi Ginebra titulado *La nova normativa de l'Institut d'Estudis Catalans. Guia pràctica*, no cal o profesor da Universidade Rovira i Virgili e comisario do Ano Fabra recolle as novidades da reforma normativa en catro grandes apartados: II. Construcións, trazos e usos admitidos na GIEC que até agora estaban oficialmente condenados pola tradición normativa, ou ben que até agora eran considerados incorrectos, sospeitosos ou pouco enxebres por algúns autores; III. Construcións, trazos e usos que non cambian na GIEC respecto da tradición normativa (e que certos autores ou sectores prevían que poderían cambiar, porque foron tema de debate nos últimos anos); IV. Outros: información nova, aclaracións, puntos pouco resoltos; e V. Ortografía.

A lectura destes dous traballos de síntese fai evidente unha vez máis que a consulta da GIEC segue a ser necesaria para formar unha idea exacta da nova normativa da lingua catalá, porque as interpretacións da norma que fan os expertos non sempre son coincidentes, e mesmo poden chegar a ser contrarias, como acontece cando se refiren á concordancia do verbo *haver-hi* co seu argumento interno cando este vai en plural. Cómpre lembrar, como fai Nogué na páxina 127, que até o de agora oracións como "*Hi han* dos homes", "*Hi havien* moltes dificultats" ou "*Si hi haguessin* més cotxes" eran consideradas incorrectas, malia que o mesmo Fabra, na súa gramática de 1956, admitía que non había "ningunha razón abondo forte" para que estas construcións, "longamente usadas na lingua falada [...] non poidan ser admitidas na lingua escrita, en concorrencia, naturalmente, coas construcións tradicionais *Hi ha dos homes, Hi havia moltes dificultats, Si hi hagués més cotxes* (únicas até hoxe consideradas correctas)" (Nogué 2018: 127). Neste punto, parece que a prescrición da GIEC non é precisa abondo, porque só di que nalgunhas variedades (concretamente en valenciano e catalán central) o verbo *haver-hi* presenta concordancia co sintagma nominal. A partir desta afirmación, Ginebra (2017: 66) chega á conclusión de que a concordancia é unha "solución incorrecta", mentres que Nogué afirma que "a GIEC non di que a concordancia non sexa aceptábel, e polo tanto da explicación que dá cómpre dedu-

cir que en valenciano e catalán central é normativa”. Ademais, Nogué tamén se refire á puntualización da GIEC segundo a cal “a falla de concordancia é o uso consolidado nos rexistros formais”, e afirma:

Deixando de banda que desta constatación non se desprende que a concordancia non sexa aceptábel, atopámola nun parágrafo que está editado en letra miúda. E na nova gramática normativa a letra miúda resérvase para proporcionar aclaracións e dar información sobre trazos propios soamente dalgunha variedade, e esta información, di a propia GIEC na introdución, “considérase prescindíbel para a comprensión do texto e a aplicación da norma”. Xa que logo, non se pode considerar que este comentario en letra miúda cuestione a aceptabilidade que deriva da maneira como se formula a norma, en letra grande (Nogué 2018: 128).

Valla este exemplo para dar conta das dificultades que adoito entraña a interpretación dalgúns puntos da GIEC, unha obra da que, por exemplo, Ginebra tira até trece expresións a través das cales se concreta a norma: *preferíbel nos rexistros formais, propio dos rexistros formais, máis habitual nos rexistros formais, o habitual en rexistros formais, máis habitual na lingua escrita, máis corrente e preferíbel, emprégase preferentemente, preferentemente, adoita manterse en rexistros formais, tendencia nos rexistros formais, forma tradicional, tradicional e preferíbel nos rexistros formais e máis habitual*.

Malia o que acabamos de comentar, Nogué atribúelle á GIEC “un estilo expositivo e unha exemplificación que son moi claros e que deixan entrever unha vontade didáctica explícita”. Quizais, porén, a propia publicación de *La nova normativa a la butxaca* sexa a proba de que esta vontade só foi parcialmente acadada. Tras a obra de Nogué, en cambio, si latexa con claridade unha pulsión divulgativa que entronca directamente co talento de Joan Solà, a quen a autora lle dedica, non por azar, este traballo. Sexa como for, mentres o tempo non nos dea a perspectiva necesaria para valorarmos o grao de acerto da OIEC e a GIEC como novas obras normativas de referencia, traballos como o de Nogué continuarán a facérnolas máis accesíbeis. E isto, por si mesmo, ben merece o noso recoñecemento.

Referências

Ginebra, Jordi. 2017. *La nova normativa de l'Institut d'Estudis Catalans. Guia pràctica*. Tarragona: Publicacions de la URV.

Institut d'Estudis Catalans. 2016. *Gramàtica de la llengua catalana*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans.

Institut d'Estudis Catalans. 2017. *Ortografia Catalana*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans.